


PARA SEGUIR SENDO ARTISTAS



“La cocina de dibujos” de Hervé Tullet. Editorial Phaidon

Libro para dibujar paso a paso que ensina aos nenos e nenas a ser creativos con formas e cores mentres dibuxan pratos como «Ledicia de garabatos» ou «Marmelada máxica»



“Un libro” de Hervé Tullet. Editorial Kókinos.

A Hervé Tullet non lle fai falla máis. Cuns círculos de cores lle basta para facer da lectura un xogo e un pracer. Unha obra intelixente, gráficamente arriscada e á vez cercana e íntima. Grandes e pequenos sentiranse cautivados e quederán volver ao principio unha e outra vez.


“A nena e o grilo nun barquiño” Magín Blanco. Editorial Fol. LIBRO CON CD.

Estas dúas personaxes prepáranse para vivir unha historia de aventuras coa que continuarán descubrindo o mundo e os seus segredos, e tamén o seu propio mundo interior. Solidariedade, respecto á natureza, a identidade, a afectividade e a curiosidade por todo o que os rodea son temas tratados ao longo de trece capítulos, coas correspondentes cancións, nos que irán vivindo singulares aventuras.

PARA LER OU QUE NOS LEAN

“A vaca que puxo un ovo” de Andy Cutbill. Editorial Patasdepeixe.

Unha vaca que quere facer algo diferente e que pola súa simpatía e tristura é axudada polas súas amigas galiñas. Claro que a envexa non é boa conselleira... O final, sorprendente. As ilustracións moi chamativas. Para rir e disfrutar coa lectura.




“Imos cazar un oso” de Michael Rosen. Editorial Kalandraka.

Atravesando un campo de herba, un bosque, un río... cazar un oso é unha aventura chea de emoción e imprevistos na que pode involucrarse toda a familia.

Para ler e xogar. Mirade a versión cantada en castelán.


<http://www.youtube.com/watch?v=SKu4TANt8oo>



“Contos de ratiños”, de Arnold Lobel. Editorial Kalandraka.

Non existe nada máis agradable que durmir logo de escoitar un conto, e se ademais son como os sete que conta Papá Rato, moito mellor!

Sete historias que farán as delicias de sete ratiños e, con toda seguridade, de todos os nenos e nenas.



Colección A Toupiña. De Zdeněk Miler. Patasdepeixe editora.

Descubre este personaxe que foi creado para unha serie de debuxos animados checos.

Aprende con ela sobre as estacións, a natureza e os sentimentos.



NO VERÁN, UN LIBRO NA MAN

C.E.I.P. SANTIAGO

APÓSTOLO

EDUCACIÓN INFANTIL



XUÑO 2013